

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15958 *Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, estableceu un conxunto de medidas para favorecer e fomentar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Segundo establece a propia exposición de motivos, a medida máis innovadora neste sentido é «o permiso de paternidade de trece días de duración, ampliable en caso de parto múltiple en dous días máis por cada fillo ou filla a partir do segundo». Establécese que se trata «dun dereito individual e exclusivo do pai, que se recoñece tanto nos supostos de paternidade biolóxica como nos de adopción e acollemento».

Co obxecto de levar a cabo unha política positiva cara á figura do pai, que permita incentivar a implicación dos homes nas responsabilidades familiares, esta lei establece a ampliación do período de paternidade a catro semanas, exclusivo para o pai.

Nas disposicións adicionais instase o Goberno a que, no marco das súas competencias e de acordo coas comunidades autónomas e cos axentes sociais, leve a cabo campañas de sensibilización coa finalidade de dar a coñecer os novos dereitos que poderán desfrutar os pais e incentivar a distribución a partes iguais das responsabilidades familiares entre o pai e a nai, así como a presentar anualmente ás Cortes Xerais un seguimento estatístico das medidas introducidas para coñecer o seu impacto social.

Finalmente, a disposición derradeira segunda establece que a lei entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2011.

Artigo 1. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*

Modifícase o artigo 48 bis do Real decreto lexislativo 1/1995, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 48 bis. *Suspensión do contrato de traballo por paternidade.*

Nos supostos de nacemento de fillo, adopción ou acollemento de acordo co artigo 45.1.d) desta lei, o traballador terá dereito á suspensión do contrato durante catro semanas ininterrompidas, ampliables no suposto de parto, adopción ou acollemento múltiples en dous días máis por cada fillo a partir do segundo. Esta suspensión é independente do desfrute compartido dos períodos de descanso por maternidade regulados no artigo 48.4.

No suposto de parto, a suspensión corresponde en exclusiva ao outro proxenitor. Nos supostos de adopción ou acollemento, este dereito corresponderá só a un dos proxenitores, á elección dos interesados; no entanto, cando o período de descanso regulado no artigo 48.4 sexa desfrutado na súa totalidade por un dos proxenitores,

o dereito á suspensión por paternidade unicamente poderá ser exercido polo outro.

O traballador que exerza este dereito poderao facer durante o período comprendido desde a finalización do permiso por nacemento de fillo, previsto legal ou convencionalmente, ou desde a resolución xudicial por que se constitúe a adopción ou a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ata que finalice a suspensión do contrato regulada no artigo 48.4 ou inmediatamente despois da finalización da devandita suspensión.

A suspensión do contrato a que se refire este artigo poderase desfrutar en réxime de xornada completa ou en réxime de xornada parcial dun mínimo do 50 por cento, logo de acordo entre o empresario e o traballador, e conforme se determine regulamentariamente.

O traballador deberalle comunicar ao empresario, coa debida antelación, o exercicio deste dereito nos termos establecidos, de ser o caso, nos convenios colectivos.»

Artigo 2. Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Modifícase a letra a) do artigo 30.1 da Lei 30/1984, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Artigo 30. *Permisos.*

1. Concederanse permisos polas seguintes causas xustificadas:

a) Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, catro semanas que serán desfrutadas polo pai a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción.»

Artigo 3. Modificación da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

Suprímese a disposición transitoria novena da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

Disposición adicional primeira.

O Goberno, no marco das súas competencias e de acordo coas comunidades autónomas e cos axentes sociais, impulsará campañas para darlles a coñecer aos pais os dereitos que lles outorga a lei en referencia á paternidade e campañas de sensibilización para promover que os homes asuman unha parte igual de responsabilidades familiares.

Disposición adicional segunda.

O Goberno, con carácter anual, deberá presentar ás Cortes Xerais un seguimento estatístico das medidas introducidas nesta lei e o seu grao de aplicación.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao que establece esta lei.

Disposición derradeira primeira.

Autorízase o Goberno para ditar todas aquelas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei que sexan necesarias, incluídas as relativas ao réxime económico e financeiro.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2011.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO